infierniño
100% compostela

Tes nas túas mans a carta de presentación que lle dá sentido a Infierniño e reflicte o noso agarimo pola cidade que nos viu nacer.

Pretendemos que coñezas un pouco máis os apartamentos nos que te estás a aloxar, que saibas por que se chaman así, Infierniño, e por que forman parte dun lugar especial, desde a súa arquitectura ata a súa localización.

Por unha banda, o edificio foi obxecto dunha coidadosa rehabilitación, respectuosa coa historia e, ao mesmo tempo, arriscada, conservando sempre o poder da evocación.

Pola outra, cabe dicir que Infierniño é, xunto co Hostal dos Reis Católicos, o único aloxamento que pode presumir de ter vistas á Praza do Obradoiro, coa Catedral e a meta do Camiño de Santiago como testemuñas seculares.

Non pretendemos con esta recensión cubrir o espectro dunha guía turística, senón que o noso obxectivo é unicamente ofrecerche, desde unha óptica local, unha serie de recomendacións para que poidas entreterte con algunha ruta pola cidade, excursións polos arredores e por Galicia e información práctica.

Benvidos a Infierniño, goza de Santiago: presentámosche Infierniño 100% Compostela.

inferniño

Ao lado da Catedral, xusto en plena Praza do Obradoiro (20m).

Índice

4 Por que Inferniño?

12 Inferniño ao detalle

16 Santiago de Compostela: A cidade

20 O que non te podes perder
- 21 Pórtico da Gloria
- 21 Audioguías Turismo de Santiago
- 21 Visita ao Museo e ao interior da Catedral
- 22 Tren Turístico
- 22 O Mercado de Abastos
- 22 Circuítos privados + Freetours
- 23 Monumentos históricos

24 Ruta Inferniño por Santiago
- 26 Ruta de Arquitectura Contemporánea
- 28 Ruta de Parques e Xardíns
- 30 Ruta dos detalles
- 32 Ruta dos Imprescindibles

36 Mapa de Santiago

38 Consellos

40 Inferniño degusta

44 Información práctica

Os horarios poden ser modificados polo que recomendamos consultar as webs privadas

Por que Inferniño?

Formulámonos grandes dúbidas no momento de decidir como chamarlles aos nosos apartamentos.

Somos conscientes de que ao "ñ" e internet están rifados, tamén de que a proximidade á Praza do Obradoiro podería aproveitarse con algún outro nome máis alusivo e comercial. Pero foi o peso da historia, nunha cidade que polo demais é Patrimonio da Humanidade, o que nos marcou o camiño para resolver a incógnita.

Inferniño é, de feito, o nome histórico desta zona de Compostela.

Antigamente esta rúa daba paso a un vertedoiro incontrolado. A permanente queima do mesmo e o fume constante que xeraba, así como certa sorna popular, que diferenciaba entre a área nobre do Obradoiro, na que se atopaba a Catedral (é dicir, o ceo), e estoutra (que, en contraposición, era o inferno) déronlle o nome, a falta dun último detalle: o diminutivo que os galegos sabemos utilizar con moita ironía.

O resultado foi, pois, Inferniño.

Aínda por riba, algo que a nós non se nos pasa por alto, é que a casa data xustamente do ano 1666, un número que, desde logo, lembra bastante o da Besta infernal.

Agora que o sabes, convidámosche tamén a ti a formar parte da nosa historia.

Infierniño
Apartments

Unha placa de pedra situada a escasos metros da porta dos nosos apartamentos revela que foron unha antiga residencia de estudantes construída pola Universidade de Santiago. A súa propiedade testemúñaa a marca de cantería cun escudo de cinco estrelas que podemos ver na fachada do edificio.

Estas marcas, por certo, constitúen un patrimonio único na nosa cidade e teñen a súa orixe no boom urbanístico que a cidade experimentou na Idade Media debido á popularidade do Camiño de Santiago.

Non obstante, a pesar de crecer en poboación e visitantes, os donos eran moi poucos. As casas resultaban caras e só as construía, para despois arrendalas, quen tiña solvencia económica.

O fin das marcas era precisamente dar a coñecer quen era o seu propietario: a administración local representábase cun cáliz, o cabido da Catedral cunha vieira, o mosteiro de San Martiño Pinario cun piñeiro... e a Universidade con cinco estrelas.

Convidámoste a buscalos nun paseo detido polo centro histórico.

Pero, recapitulando, atópaste nun edificio con case catro séculos de historia que, ao longo do tempo, foi fogar de estudantes, profesores e párrocos..., e actualmente acolle a peregrinos a Compostela e visitantes desexosos de coñecer Santiago.

Son moitas as ocasións nas que nos preguntamos que quixeron transmitirnos os arquitectos Emilio López Matas e Mónica Rivera cando determinaron a rehabilitación do edificio e chegamos á conclusión de que tentaron que as persoas que se aloxen en Infierniño Apartments sintan como se vivía nunha casa do século XVII mesmo sen renunciar ás comodidades contemporáneas. Un reto que non é nada fácil nunha zona moi sensible.

A restauración foi máis que minuciosa. Non queremos que marches sen sabelo e sen che permitir fixarte en moitos detalles que poden converter a túa estancia nunha experiencia única.

Gustaríanos, por exemplo, contarche que se replicou exactamente a balaustrada e a porta de entrada ao edificio que había en 1666 ou que os pontóns de castiñeiro da construción están catalogados por Patrimonio e son orixinais, do mesmo xeito que os banzos da escaleira.

As pezas de madeira que estás a pisar no chan tamén son as orixinais, aínda que en pequenas áreas tiveron que ser substituídas xa que foi imposible recuperalas. Iso explica os contrastes ou "remendos" que se poden apreciar.

Tampouco deixen de fixarse no tabique da zona común da planta baixa. Alí poderán ver como as paredes interiores foron suplidas por outro novas pero construídas coa mesma técnica que se empregaba antigamente, o barrotillo, que consistía nunha armazón de listóns e barrotes que máis tarde se enchían. Neste caso concreto, foron realizadas a base de barrotillo de piñeiro e morteiro de cal aplicado manualmente.

Convidámoste tamén a observar as galerías, elemento arquitectónico moi característico de Galicia debido á súa climatoloxía, que foron esculpidas e ensambladas en madeira de cedro dunha soa peza.

E que dicir do xardín! Eríxese por dereito propio nun remanso de paz, verdor exuberante e rumor de auga en pleno centro histórico compostelán, un oasis



no medio das pedras centenarias e a trasfega de peregrinos e visitantes.

Conserva o pozo orixinal da casa e un pequeno estanque onde o fluxo da auga e o canto dos paxaros convidan ao relax xunto a dúas camelias centenarias que enmarcan unha atractiva e contemporánea cabana de madeira e cristal.

Todo o que comentamos son pistas que nos permiten afirmar que, máis que un edificio que acolle apartamentos turísticos, Inferniño é un manual de homenaxe a técnicas construtivas tradicionais desde unha óptica arquitectónica do século XX, un perfecto exercicio de simbiose entre a esencia histórica e as modernas comodidades.

Cada un dos seus seis apartamentos ten personalidade propia e, en unión coas zonas comúns, Inferniño Apartments convídate a sentirte como na casa, a consideralo non un lugar no que durmir senón no que vivir Compostela.

Non en balde, o moderno deseño de interiores levaron a Inferniño a ser finalista en 2018 dos prestixiosos premios FAD de arquitectura.

Por último, convidámoste a admirar as fotos que atoparás por todo o edificio e que lles permitirán ver Inferniño a través da mirada de Daniel Riera, afamado fotógrafo catalán que tamén se deixou seducir pola maxia de Inferniño.

Así mesmo, queremos deixar constancia do noso compromiso co medio ambiente. Non en balde, ademais de respectar o conxunto arquitectónico e a súa contorna, avogamos por un consumo sostible. Por iso, a produción de toda a enerxía que necesitan os apartamentos provén dunha caldeira de biomasa localizada no soto.

Esperamos humildemente ter contribuído a que comprendas o que é Inferniño. Se o conseguimos, o noso obxectivo quedará máis ca cumprido.

Agora, por favor, goza cos cinco sentidos.

Inferniño ao detalle

1

Casa datada de 1666, antiga residencia de estudantes e profesores da USC tal e como indica a placa situada no edificio da rúa Raxoi nº1, antigamente chamada Inferniño de Arriba.

2

Escaleira orixinal rehabilitada catalogada por Patrimonio. Chan cerámico da entrada, porta de acceso e balaustrada restaurada segundo a orixinal da casa.

3

Xardín con 2 camelias centenarias, galerías en madeira de cedro, pozo orixinal e estanque granítico, homenaxe á arquitectura tradicional de Galicia.

4

Conservación dos pavimentos existentes e vigas portantes con **máis de 350 anos de antigüidade en madeira de castiñeiro galego.**

5

Barrotillo. Mostra de técnica de rehabilitación tradicional en toda a casa con madeira de piñeiro entrelazada e morteiro de cal.

6

Fotografías orixinais en todas as estancias do catalán **Daniel Riera**, coñecido no mundo da moda con traballos para Mango e Vogue, entre outros.

7

The Shed, prefabricado en madeira e cristal, con bañeira exterior, prato de ducha e lavabo feitos en granito galego dunha soa peza, sen xuntas. A técnica de construcción é con paneis de CLT.

8

Cadeiras Thonet. Famosas entre outras cousas por saír en cadros de Tolouse Lautrec dos cafés de París.

9

Edificio Eco-Friendly, pinturas ecolóxicas e calor por biomasa.

10

Premios FAD de arquitectura polo seu deseño de interiores.

Santiago de Compostela

A cidade

Santiago de Compostela

A cidade

O mellor reflexo do que é esta cidade lévanos a empezar por un tópico, ou mellor dito, por un típico tópico, ao que accedemos desde a porta do Inferniño dirixindo simplemente a mirada cara á dereita: a Praza do Obradoiro.

Os seus catro laterais, e os edificios que neles se erixen, definen Santiago á perfección, pois representan os catro eixos vertebradores da cidade: o poder relixioso, o fenómeno das peregrinacións, a administración civil e a Universidade, unha das máis antigas de España con máis de cincocentos anos de historia. Cada un destes edificios, ademais, responde a un estilo arquitectónico diferente.

Atopámonos así coa Catedral e a súa espectacular fachada barroca; o Parador Hostal dos Reis Católicos (plateresco), antigo hospital de peregrinos fundado polos reis Isabel e Fernando; o Pazo de Raxoi (neoclásico), sede do Concello e da presidencia da Xunta de Galicia; e o Colexio de San Xerome (románico tardío), sede do Reitorado.

Coñecemento, relixión, política e turismo visten as súas mellores galas no epicentro de Compostela, o punto no que se sitúa o quilómetro 0 do Camiño de Santiago.

Son as vimbias sobre as que se obrou o milagre pétreo desta cidade do noroeste español, testemuña de como o descubrimento do sepulcro do Apóstolo Santiago atraeu durante séculos a millóns de peregrinos e forxou a idea de Europa, tal e como sinalou Goethe.

Imaxina agora esta praza hai 800 anos, repleta de obreiros, ferreiros, carpinteiros ou canteiros, e como, ao seu redor, pedra sobre pedra, estendéronse rúas e edificios para darlle forma a unha cidade que foi crecendo e evolucionando ao longo dos séculos ata a actualidade.

Pensa que cada paso que das, aquí mesmo ou cando te aventures máis aló de Inferniño Apartments, son novas pegadas da historia que cambiou e definiu esta parte do mundo.

O que non te podes perder

Pórtico da Gloria

De luns a domingo: 10h - 20:00h

Entradas dispoñibles no despacho do Museo da Catedral e na súa páxina web.

Audioguías Turismo de Santiago

Coas audioguías que atoparás na Oficina de Turismo (na Rúa do Vilar), poderás percorrer os puntos máis emblemáticos de Santiago ao teu ritmo e ata en 6 idiomas diferentes.

Visita ao Museo e interior da Catedral

Pode coñecerse a Catedral desde o seu interior ben por libre ou ben da man de guías profesionais.

Basílica – Sepulcro do Apóstolo Santiago: todos os días, 7:00 h-21:00 h.
Accesos por Porta de Praterías e Porta Santa
Museo: luns a domingo, 10:00 h- 20:00 h.

902 044 077 / 910 604 716
deac@catedraldesantiago.es
Sitio web

Tren Turístico

O Tren Turístico parte da Praza do Obradoiro e rodea a Cidade Histórica nun percorrido de 45 minutos.

981 537 222
autocaresriasbaixas@autocaresriasbaixas.com

O Mercado de Abastos

Ademais de pola súa arquitectura, é a escusa perfecta para probar produtos típicos galegos.

981 583 438
administracion@
mercadodeabastosdesantiago.com

Tours privados + Freetours

A mellor forma de coñecer a cidade é cun dos moitos circuítos que a percorren: polo centro histórico, de noite, circuítos privados...
Para iso existen varias empresas e organizacións como son:

- Freetour Compostela
- Freetour Santiago
- Galicia Experience
- Asociación Profesional de Guías -APIT
- Art Natura

Recomendamos facer primeiro os seguintes circuítos e, se tedes máis tempo, poderedes realizar algún dos outros que teñen estas empresas á súa disposición tanto con saída garantida como baixo petición.

- Ruta do centro histórico
- Ruta de tapas
- Ruta secreta. Coñece os segredos mellor gardados da cidade da man de Infierniño.

Mosterio de San Martín Pinario

Monumentos históricos

É un dos maiores expoñentes do barroco galego e garda no interior da súa igrexa un dos mellores retablos barrocos a nivel nacional.

Todos os días:
11-14h | 16-19 h
Excepto martes:
11-14 h

+34 881 607 003
espaciocultural
smpinario.com

As cubertas da Catedral

Monumentos históricos

Os graduados tellados da catedral fan posible distinguir as súas diferentes fases de construción, ademais de permitir descubrir unha inesquecible perspectiva da cidade.

Martes a sábado:
11 - 18h
Domingos e Festivos:
11 -14h

981 583 620
info@museodopobo.gal

Conxunto Arquitectónico San Domingos de Bonaval

Monumentos históricos

Unha visita máis que recomendada polo estilo gótico da igrexa, a mestura de estilos do convento ou os diferentes espazos do parque de San Domingos.

Ademais do Museo do Pobo Galego que recolle a memoria etnográfica galega, así como o Panteón dos Galegos Ilustres, onde descansan as figuras máis representativas do noso pobo.

Rutas Infierniño

por Santiago

Ruta de Arquitectura Contemporánea

Parking-Pavillón de San Clemente — **A Vaquería e outros** — **Parque Vista Alegre** — **Facultade de Ciencias da Comunicación**

Parking-Pavillón de San Clemente

A mellor maneira de ver esta intervención do arquitecto Kleihues, é desde a vista que ofrece a Alameda. Como se pode facer un aparcadoiro e pavillón polideportivo a 100 metros da Catedral sen alterar unha contorna Patrimonio da Humanidade?

clientes@parkia.es
981 57 34 70

A Vaquería e outros

Antiga vaquería reconvertida en vivendas de deseño con premio nacional de arquitectura da man do arquitecto Victor López Cotelo. Continuando polo parque de Galeras, aos pés da residencia da Presidencia da Xunta, realizada por Gallego Jorreto e próxima ao Colexio Raíña Fabiola realizado polo italiano Grassi e cun xardín privado, atopamos a Finca do Espiño, cun edificio modernista, obra do galego e empresario santiagués Jesús López de Rego.

Parque Vista Alegre

Catro edificios de arquitectura contemporánea ideados por dous arquitectos, César Portela e Antón García Abril, o Museo de Historia Natural, o Centro de Estudos Avanzados, a sede da SGAE e a Escola de Altos Estudos Musicais. Todo iso nun predio coroado por unha casa pertencente á antiga familia da Banca Simeón.

Facultade de Ciencias da Comunicación

Unha das dúas obras realizadas en Santiago polo arquitecto portugués Álvaro Siza Vieira, premio Pritzker de Arquitectura. Perspectivas, volumes, procura da luz, todo un espazo para os sentidos no que Siza deseñou a sinalética e o mobiliario.

cc.comunicacion.decanato@usc.gal
881 81 65 55

Auditorio de Galicia

Obra de Cano Lasso que fai homenaxe á arquitectura de Galicia: a auga, as galerías, o cadeirado pétreo, os soportais... nun edificio situado no Parque da Música en Compostela coroado por unha escultura de Eugenio Granel, galego ilustre do surrealismo.

info@auditoriodegalicia.org
981 57 41 52

Auditorio de Galicia | Dársena de Xoan XXIII | Centro Galego de Arte Contemporáneo (CGAC) | Centro Sociocultural de A Trisca | Cidade da Cultura de Galicia

Dársena de Xoan XXIII

Intervención urbanística na que destaca a gran marquesiña na que os arquitectos Albert Viaplana e Helio Piñón fixeron unha procura da perspectiva cara á entrada ao Centro histórico, un balcón cara ao monte que rodea Compostela (O Pedroso), unha dársena de autobuses para descarga de pasaxeiros e turistas, e un sutil pavillón polideportivo a 200 m da Catedral integrado na intervención sen agredir a contorna.

aparcadoiros@tussa.gal
981 583 447

Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC)

A primeira obra de Álvaro Siza en Santiago, cuxo gran mérito é ter integrado un edificio contemporáneo nunha contorna patrimonial tan singular como San Domingos de Bonaval, sede do Museo do Pobo Galego. Imprescindible ver o xardín lindeiro do mesmo nome, onde unha obra de Chillida, a constante presencia da auga e pasear por un antigo cemiterio é algo absolutamente normal.

cgac.xunta.gal
(+34) 981 546 619

Centro Sociocultural A Trisca

Obra case póstuma de John Hedjuk, mestre de mestres da arquitectura con dúas obras en Santiago, a pesar de ter moi pouca obra en Europa. A súa outra obra, as torres Hedjuk, que se sitúan na Cidade da Cultura, estaban proxectadas para o parque de Belvís, moi próximo ao Centro Sociocultural A Trisca.

981 543 191

Cidade da Cultura de Galicia

Obra do arquitecto norteamericano Peter Eisenman, a Cidade da Cultura de Galicia é un novo espazo arquitectónico contemporáneo de gran envergadura con distintos espazos culturais. A intervención simula a améndoa do casco histórico compostelán e as alturas respectan a orografía do terreo sobre o que foi construída. Fins de semana con visitas guiadas ao espazo, boas exposicións e boas vistas da cidade desde as Torres de John Hejduk, fan indispensable a súa visita.

online@cidadedacultura.org
+34 881 997 584
visitas@cidadedacultura.org

Ruta de Parques e Xardíns

Parque de Bonaval · Parque da Almáciga · Parque de Pablo Iglesias · Parque da Música en Compostela

Parque de Bonaval

Poderemos ver un pequeno xardín de especias e o contraste arquitectónico entre os dous edificios da entrada, culminados polo antigo cemiterio da cidade. A xente pasea con total naturalidade polo cemiterio e os turistas sácanse fotos detrás da escultura de Eduardo Chillida, que enmarca o conxunto catedralicio. Un espectáculo para os sentidos.

Horario Inverno (outubro-marzo): 8h-20h
Horario Verán: (abril-setembro): 8h-23h

Parque da Almáciga

Conectado pola rúa Teo co parque de Bonaval, é un típico e agradable parque de servizo para o barrio, no que destaca a fermosa vista do Centro histórico como punto máis alto da contorna urbana de Santiago.

Parque de Pablo Iglesias

Outro parque do barrio que serve de transición para chegar a outra zona emblemática da cidade: o Campus Norte da Universidade de Santiago. Parque en pendente, con áreas de descanso, carril bici, fontes de auga potable, pista deportiva e parque infantil.

Parque da Música en Compostela

Situado na entrada do Campus Norte da Universidade de Santiago, destaca o Auditorio de Galicia, obra de Cano Lasso, con estrutura arquitectónica en homenaxe á arquitectura-galega (pedra, galería, rúa con soportais), culminado por unha escultura de Eugenio Granell (afamado pintor galego do surrealismo) e un estanque que reflicte o edificio nas súas augas. Un pouco máis arriba, está a facultade de Ciencias da Información, un magnífico traballo do afamado arquitecto portugués Álvaro Siza.

Parque da Finca Vista Alegre

Parque decimonónico entre palmeiras, laranxeiras, camelias e araucarias no que se atopan catro edificios de arquitectura contemporánea realizados por Antón García Abril (sede da SGAE e Escola de Estudos Musicais) e César Portela (Centro de Estudos Avanzados e Museo de Historia Natural Luís Iglesias). Entre eles, observándoos, a Casa de Europa, construción de estilo indiano propiedade dos antigos donos do predio.

Horario: 7 a 22 horas

Parque da Finca Vista Alegre | Parque de Galeras | Carballeira e Pazo de San Lourenzo | Alameda de Santiago | Parque de Belvís

Parque de Galeras

Prado ás marxes do río Sarela, cunha curiosa panorámica da Catedral. Aconséllase dar un xiro de 360º para apreciar todas as obras que o rodean. E ao fondo, un parque privado (a Finca do Espiño), hoxe en día visitable e en proceso de recuperación, cunha das poucas xoias do modernismo galego, o Pazo do Espiño de López de Rego, do que non se deben ir sen observar as gárgolas.

Carballeira e Pazo de San Lourenzo

Paso do Camiño a Fisterra, lindante co muro do precioso Pazo de San Lourenzo de Trasouto,antigo convento cunha preciosa igrexa da cal se aconsella a súa visita, aínda que só sexa para ver a súa fabulosa sebe de Buxo que se atopa nun dos seus claustros.

ⓘ info@pazodesanlorenzo.com
981 55 27 25

Alameda de Santiago

É o parque urbano por excelencia. Tamén de estilo decimonónico, está cheo de detalles e esculturas. No alto, ten unha das igrexas máis antigas da cidade de estilo románico: Santa Susana. Tamén se atopa o paseo da Ferradura, cunhas marabillosas vistas panorámicas da Catedral, o banco acústico e, por último, o palco da música e os bancos do Salón Central, feitos nos fornos da afamada fábrica de Sargadelos.

Parque de Belvís

Destaca o seu labirinto con sebes de camelias coroado polo Seminario Menor. É aconsellable subir á parte superior do parque para admirar as panorámicas que hai da cidade desde o miradoiro que se atopa entre as bancadas. Para adozar o paseo, no Convento de Belvís, das dominicas, pódense comprar pastas; ou visitar moi preto a pequena obra do mestre Hejduk (Centro Sociocultural A Trisca), arquitecto norteamericano con dúas das súas tres obras europeas en Santiago.

Ruta dos Detalles

A fachada pano
A aldaba de Asorey
Entrerrúas, a rúa máis estreita
As mirillas da cidade
O banco acústico
O banco dos namorados

A fachada pano

Na Praza de Praterías, coa fonte dos cabalos como testemuña, temos unha das casas máis estreitas do mundo, que facía de fachada pano para embelecer a praza cando se remodelou.

(+34) 981 576 661
Ma-Sa: 10-14h; 16-20h (Verán: 17-21h)
Dom: 11-14h

A aldraba de Asorey

Afamado escultor galego, ten na súa autoría a aldraba da casa de Vaamonde (sede do Consorcio de Santiago), onde se aprecia unha serpe comendo unha ra, de enorme beleza escultórica en bronce.

981 57 47 00

Entrerrúas, a rúa máis estreita

Xusto á beira da casa de Vaamonde, debido á súa estreiteza foi tantas veces fotografada por cuadrillas de composteláns en "fila india" a distintas alturas, que fai un gran retrato de Compostela.

As miras da cidade

Claras reminiscencias de como os habitantes podían ver quen os visitaba a través das miras situadas nos teitos dos soportais.

O banco acústico

Situado no xardín da Alameda. Ao situarse a cada lado do semicírculo que conforma o banco pétreo acústico e se se fala en voz baixa, pódese comprobar como se transmite o son, o que lles permitía aos noivos dicirse carantoñas sen seren escoitados.

O banco dos namorados

Banco circular que rodea un dos eucaliptos máis antigos de Galicia traídos por Frei Rosendo Salvado desde Australia. É un dos recunchos máis fotografados da cidade, coa Catedral de Santiago ao fondo.

As gafas do anxo

Dentro da igrexa de María Salomé na Rúa Nova (única igrexa dedicada á nai do Apóstolo Santiago), non deixes de admirar a curiosa escultura dunha maternidade coñecida porque na base do retablo datado no século XV, vese un anxo con lentes, unha das primeiras iconografías da existencia deste obxecto na historia.

981 584 168
Horario verán (1 xuño-30 setembro):
luns-sábado, 17h - 21h

As gafas do anxo | Fuente de Cervantes | Rúa Preguntoiro e antigo concello | A igrexa de San Fructuoso | A sombra do peregrino | Laudes en San Paio de Antealtares

Fonte de Cervantes

Moitos composteláns e estudantes gastan novatadas a visitantes noveis, dicindo que no fondo da fonte vénselle os pés ao ilustre busto de Cervantes que a coroa e salpicándoos cando se achegan a comprobalo.

Rúa Preguntoiro e antigo concello

Moitos descoñecen que a casa que fai esquina coa praza de Cervantes e a Rúa Preguntoiro era o antigo consistorio da cidade. Esta rúa recibe o seu nome porque os pregoeiros saían aquí a voz no alto, prodigando os bandos municipais.

A Igrexa de San Frutuoso

Situada detrás do concello e que se pode observar ben desde o balcón de pedra da Praza do Obradoiro (entre o concello e o Hostal dos Reis Católicos), é coñecida como a igrexa dos paus da baralla, pois representa a fortaleza, a prudencia, a xustiza e a temperanza. Moi boas vistas e fotos ao caer a luz do día.

Todos os días: 10h-20h

A sombra do peregrino

Moitos son os que se achegan pola noite á Praza da Quintana a sacar a foto da "sombra do Peregrino", coñecida forma que fan as sombras da pedra que suxeita o pararraios da Catedral de Santiago. Ataviado con bastón e chapeu de peregrino, déixalle unha curiosísima paisaxe nocturna á tan fermosa e necrolóxica praza (antigamente un cemiterio).

Laudes en San Paio de Antealtares

Para os máis madrugadores e os máis trasnoitadores, a moi temperá hora da madrugada, un momento relaxante é entrar na igrexa de San Paio de Antealtares e escoitar as monxas do convento de clausura cantar láudelas, na igrexa conventual que mira escondida desde a esquina norte da praza da Quintana, escoitando de fondo a Berenguela, a campá máis composteláde todas as que hai.

Ruta dos Imprescindibles

Praza de Abastos — **San Domingos de Bonaval** — **Mosteiro e Igrexa de San Martín Pinario**

Praza de Abastos

Hoxe en día moi concorrida por turistas e por locais, e consolidouse como o mercado máis importante da cidade e da comarca por ser o primeiro mercado cuberto de Santiago de Compostela. Caracterízase polos múltiples postos, tanto no interior coma no exterior, que ofrecen produtos frescos e por dispoñer tamén doutros que che preparan o que neles adquirises para consumir no momento.

administracion@mercadodeabastosdesantiago.com
981 583 438
Luns a sábado, de 8h a 14h

San Domingos de Bonaval

Arquitectura contemporánea, o pouco gótico que hai en Santiago representado pola igrexa de San Domingos, o Museo do Pobo Galego, O Panteón de Galegos Ilustres e un xardín moi especial que engloba todo este mar de arquitecturas. Non hai nada igual, e sitúase a 50 metros da entrada do Camiño Francés.

info@museodopobo.gal
981 583 620
Martes a sábado, 11h-18h
Domingos e festivos , 11h-14h.
A entrada á igrexa é gratuíta e accédese pola porta lateral do claustro do museo.

Monasterio e Igrexa de San Martín Pinario

Preciosa igrexa cun impresionante retablo. Vale a pena pagar a entrada e ver o museo tamén. Abre todos os días e ten exposición permanentes e outras temporais.

info@espacioculturalsmpinario.com
+34 981 583 008
Todos os días: 11h-19h

Convento e Igrexa de San Francisco

Outro gran descoñecido de Santiago que alberga unha enorme igrexa erixida en homenaxe á visita de Francisco de Asís. Alberga un sorprendente museo da Terra Santa, procedente da Custodia Franciscana de Terra Santa (Xerusalén), con pezas de relevante valor histórico.

981 58 16 00
Horario: todos os días, 10:30h-13:30h e 17:00h-20:30h (verán ata as 21h).

Convento e Igrexa de San Francisco
A Alameda
A colexiata do Sar
Cidade da Cultura de Galicia

A Alameda

É un xardín urbano moi especial. O banco dos namorados cunhas vistas espectaculares da cidade, a estatua de Valle Inclán, a das famosas Marías, os bancos do paseo central feitos na fundición de Sargadelos, a igrexa de Santa Susana (das máis antigas), os paseos a distintas alturas para a diferenciación de clases sociais, o banco acústico... unha delicia.

A colexiata do Sar

Leva máis de 8 séculos construída e séguese mantendo en pé a pesar das inundacións sufridas e o terreo lodoso sobre o que se asenta. É románico puro e o claustro do museo é unha preciosidade. Só por ver esas columnas inclinadas xa vale a pena ver a igrexa.

ⓘ 981 562 891
museosar@archicompostela.org.
Igrexa, museo e claustro: Todo o ano
Lun - dom: 11 - 14h e 16:30 - 19:30h

Cidade da Cultura de Galicia

Obra do arquitecto norteamericano Peter Eisenman, a Cidade da Cultura de Galicia é un novo espazo arquitectónico contemporáneo de grande envergadura con distintos espazos culturais. A intervención simula a améndoa do centro histórico compostelán e as alturas respectan a orografía do terreo sobre o que foi construída. Fins de semana con visitas guiadas ao espazo, boas exposicións e boas vistas da cidade desde as Torres de John Hejduk.

ⓘ online@cidadedacultura.org
+34 881997565
Todos os días de 8h-23h (horario xeral)
Horario do Museo Gaiás: todos os días, 10 h- 20 h (exposicións pechadas os luns).

Excursións

por Galicia



Preme aquí para máis info

Pazos e o mar de Arousa

Pazo Rubianes · Pazo Baión · Illa de Arousa · Vilagarcía de Arousa-Carril · Cambados

Preme aquí para máis info

Costa da Morte - Finisterre

Noia · Muros · Carnota · Ézaro · Corcubión · Finisterre

Preme aquí para máis info

Rías Baixas Pontevedra - Salnés

Pontevedra · Monasterio de Poio · Sanxenxo + Portonovo · Praia da Lanzada · O Grove - Illa da Toxa

Preme aquí para máis info

A Coruña - Golfo Ártabro

A Coruña · Pazo de Mariñán · Pontedeume · Monasterio de Caaveiro, Fragas do Eume

Mapa de Santiago

Ruta Imprescindibles

1 - Praza de Abastos
2 - Igrexa e Convento de San Domingos de Bonaval
3 - Mosteiro de San Martiño Pinario
4 - Parque Alameda
5 - A colexiata de Sar
6 - Cidade da Cultura de Galicia
7 - Convento de San Francisco de Santiago

Guía

1 - Pórtico da Gloria
2 - Turismo de Santiago
3 - Museo da Catedral de Santiago
4 - Mosteiro de San Martiño Pinario
5 - Tren Turístico Santiago
6 - Igrexa e Convento de San Domingos de Bonaval
7 - Mercado de Abastos de Santiago
8 - Museo do Pobo Galego

Ruta Arquitectura Contemporánea

1 - Parking San Clemente
2 - Vaquería
3 - Parque de Vista Alegre
4 - USC: Facultade de Ciencias da Comunicación
5 - Auditorio de Galicia
6 - Parking Xoán XXIII
7 - Centro Galego de Arte Contemporánea
8 - Centro Sociocultural A Trisca
9 - Cidade da Cultura de Galicia

Ruta Parques e Xardíns

1 - Parque De Bonaval
2 - Parque do Monte da Almáciga
3 - Parque Pablo Iglesias e Blanco Amor
4 - Parque da Música en Compostela
5 - Parque de Vista Alegre (Finca Simeón)
6 - Parque de Galeras
7 - Carballeira de S. Lourenzo
8 - Alameda
9 - Parque de Belvís

Ruta dos Detalles

1 - A fachada pano
2 - A aldraba de Asorey
3 - Calella de Entrerrúas
4 - As miras da cidade
5 - Banco acústico
6 - Banco dos namorados
7 - As gafas do anxo
8 - Fonte de Cervantes
9 - Rúa do Preguntoiro
10 - Igrexa de San Frutuoso
11 - A sombra do peregrino
12 - Mosteiro de San Paio de Antealtares

Consellos

1 Santiago é unha cidade cómoda, fácil de pasear. Chégase andando a practicamente todos os sitios de interese.

2 É importante mirar cara arriba ao pasear polo centro histórico, ver os detalles que te acompañan máis aló do primeiro golpe de vista. Todo forma parte dun conxunto histórico artístico esculpido en pedra ao longo dos séculos.

3 O ambiente é bulicioso todo o día, ao ser unha cidade universitaria, administrativa e turística. Os días de choiva, sobre todo no verán, adoita haber moita xente que se despraza das costas a Santiago e adoita estar máis concorrido.

4 Non dubides en pedir axuda á xente local: o galego é moi hospitalario, servizal e amable.

5 Santiago é unha cidade segura e saudable. Ante calquera problema, xa sexa de seguridade ou de saúde, o servizo de emerxencias (112) é gratuito e está dispoñible as 24 horas.

6 A moeda oficial é o euro e é conveniente levar algo de diñeiro en efectivo, xa que algúns lugares non permiten o pago con tarxeta. Por toda a cidade hai caixeiros e todos os servizos ordinarios de calquera cidade europea.

7 Os horarios comerciais en liñas xerais van desde as 9 ou 10 horas ata as 14 horas e das 16 horas ata as 20 horas, aínda que os centros comerciais adoitan ter horario continuado de 10 a 22 horas.

8 En Galicia, á parte do castelán, fálase o galego, o seu idioma oficial.

9 Cada vez é máis fácil manexarse en inglés pola cidade, tanto en negocios de hostalería, como en hoteis e comercios.

10 Santiago é unha cidade moi activa en gastronomía: hai máis de 500 negocios de restauración de diferentes tipoloxías. Consulta na páxina 42 nosas recomendacións.

11 O Mercado de Abastos é o templo de exaltación do produto. Poderás degustar o polbo, ou comprar marisco e que cho preparen para que o poidas probar no momento, por un módico prezo na nave 5 da praza.

12 En Santiago existen as tapas de cortesía, que normalmente acompañan a consumición sen ningún tipo de custo, xa sexa nas terrazas ou no interior dos bares.

13 Se queres gozar dun bo viño en Santiago,é moi habitual achegarse a zonas como a da Praza de Abastos, a zona da Troia- praza Cervantes-San Martiño Pinario, a emerxente zona da rúa de San Pedro e a sempre clásica zona da rúa do Franco e a Raíña, nas que degustar tapas de cortesía e as 5 denominacións de orixe.

14 Poderás degustar produtos como empanadas de diferentes sabores, polbo con diferentes estilos de preparación, mariscos da ría, peixes frescos dos mares atlánticos e das rías galegas, carnes, legumes e verduras da horta. Non deixes de consultar aquí as FAQS (preguntas máis frecuentes) que poden xurdir cando un visita a cidade: http://www.santiagoturismo.com/faqs

15

16 Pasar pola Oficina de Turismo de Santiago é fundamental. Un mapa da cidade que che dan gratis na oficina xa é todo un salto para saber o que debes facer. Descárgao en PDF:

https://www.santiagoturismo.com/files/2021/08/01PLACALLSANT7213web.pdf

17 Santiago está no centro de Galicia e, xa sexa en transporte público ou en transporte privado, está a unha hora de case calquera punto: A Coruña, Vigo, Ourense, Lugo, Pontevedra, Rías Baixas e Altas, Ribeira Sacra, etc. Descargua as nosas excursións autoguiadas deste folleto (páxina 36) ou as excursións organizadas das que che falamos na páxina 24.

Inferniño degusta

Breve selección de restaurantes en Compostela

Estrella Michelín

- Casa Marcelo
  1 estrela Michelín
  Cociñeiro: Marcelo Tejedor
  (+34) 981 558 580
  Reserva na web

- A Tafona by Lucía Freitas
  1 estrela Michelín
  Cociñeira: Lucía Freitas.
  (+34) 981 562 314
  reservas@restauranteatafona.com
  Reserva na web

Relacionados con Michelín

- La Radio Pepe Solla
  Cociñeiro con 1 estrela Michelín por Casa Solla en Poio (Pontevedra) pero con presenza en Santiago con este restaurante (sen Estrela).
  (+34) 9815711185
  Sitio web

- Lume. Lucía Freitas
  (+34) 981 564 773
  Reserva na web

- Boamar
  Cociñeiro con 1 estrela Michelín por Restaurante Yayo Daporta en Cambados (Pontevedra) pero con presenza en Santiago con este restaurante (sen estrela) no Mercado Boanerges.
  (+34) 698 156 499

Bos "Menús do Día" máis elaborados e de corte contemporáneo

*** De luns a venres ao mediodía)**
**** Entorno a 12-20€**

- A Horta d'Obradoiro
  (+34) 881 031 375

- O Curro da Parra
  (+34) 981 556 059
  Reserva na web

- A Maceta
  (+34) 981 589 600
  Reserva na web

- Altamira
  (+34) 981 558 542
  Reserva na web

Bos Menús Degustación

- Pedro Roca
  (+34) 981 585 776
  Reserva na web

- Abastos 2.0
  (+34) 654 015 937

- O Sendeiro
  (+34) 981 587 196
  Reserva na web

- Anaco
  (+34) 981 562 098
  Reserva na web

- A Viaxe
  (+34) 662 618 862
  Reserva na web

* A maioría dos do punto anterior.

Cociña tradicional. Mariscos e Pescados

- Don Quijote
  (+34) 981 586 859

- Terra Nosa
  (+34) 981 597 354
  Reserva na web

- La Tacita de Juan
  (+34) 981 562 041

- San Clemente
  (+34) 981 565 426
  Reserva na web

- Orixe Gastronomía Galega (tradicional)
  (+34) 981 115 092
  Reserva na web

- Benboa Compostela (tradicional)
  (+34) 679 805 676
  Reserva na web

- Pulpería O Bochinche (tradicional)
  (+34) 665 549 989

Arroces

- A Curtidoría
  (+34) 981 554 342
  Reserva na web

- O Tamboril
  (+34) 981 565 485

- Restaurante del CC El Corte Inglés
  (+34) 981 527 200

Tapas de Cortesía. Os clásicos

- Orella (orella de porco cocida)
  (+34) 981 582 459

- Trafalgar (mexillón picante)
  (+34) 981 584 729

- Abellá (anaco de filete con patacas)
  (+34) 981 582 981

- San Jaime (tortilla e croquetas)
  (+34) 981 572 257

Para Picar

- A Noiesa
  (+34) 981 565 082
  Reserva na web

- Mesón 42
  (+34) 981 581 009
  reservas@meson42.com
  Reserva na web

- O Dezaseis
  (+34) 981 577 633
  Reserva na web

- O Gato Negro
  (+34) 981 583 105

Á Parrilla

- Tiagos Churrasco
  (+34) 689 198 257

- Milongas Parrillada Bertamiráns
  (+34) 881 017 990

- Milongas Parrillada Milladoiro
  (+34) 881 977 003

- O Almacén
  (+34) 981 530 393

- Entrevías
  (+34) 647 914 921

Tortillas

- A Sucursal da Estrela
  (+34) 981 573 284

- La Tita
  (+34) 981 583 981

- La otra Tita
  (+34) 981 583 981

- Marte
  (+34) 881 031 276

Mercados Gastronómicos

- La Galiciana
  (+34) 600 345 913
  Reserva na web

- Boanerges
  (+34) 698 156 499

- Nave 5 Plaza de Abastos
  (+34) 654 456 025

Italianos

- L'Incontro
  (+34) 881 031 386

- Sicilia en Bocca
  (+34) 881 973 324

- La Piccola Italia
  (+34) 981 571 020
  Reserva na web

- Oasis
  (+34) 981 599 855

* Consulte horarios, días de peche e dispoñibilidade.

** Para comida a domicilio, recomendamos descargar alguna das apps do Just Eat, Santiaguesa, Glovo ou ObviousEat

Cociña mexicana

- La Chida
  (+34) 881 974 795
  Reserva na web

- Pico de Galo
  (+34) 698 159 372
  Reserva na web

- El Cártel de Mawey
  (+34) 655 950 605
  Reserva na web

Cociña asiática

- Hui Kitchen
  (+34) 881 082 878

- Numaro
  (+34) 699 673 271

- Ok Wok
  (+34) 981 108 875

Churrerías

- Churrería La Quinta

- Chocolatería Metate
  (+34) 663 330 600

- Café Iacobus
  (+34) 981 585 967

Vexetarianos

- A Porta Verde
  (+34) 981 075 530

- Entre Pedras
  (+34) 981 564 097

- ClemCafé
  (+34) 981 073 386

Almorzos e brunch

- Café La Morena
  (+34) 981 024 634
  Reserva na web

- A Carrilana
  (+34) 669 852 768

- Marie Miner
  (+34) 619 196 898

- Tertulia
  (+34) 981 596 579

BAR
O CANDIL

Información práctica

Teléfonos de interese

Emerxencias
112

Policía Nacional
091

Bombeiros
080

Radiotaxi
981 56 92 92

Aeroporto
(+34) 913 211 000

Estación de autobuses
981 54 24 16

Estación de tren
912 32 03 20

Puntos de interese

Oficinas de información turística:

- **Turismo de Santiago**
  Rúa do Vilar, 63
  info@santiagoturismo.com
  + 34 981 555 129

- **Turismo de Galicia**
  Praza de Mazarelos, 15
  ot.santiago@xunta.gal
  +34 881 866 397

Oficina do Peregrino. Selado de compostelas
Rúa Carretas, 33
oficinadelperegrino@catedraldesantiago.es
+34 981 568 846

Tenda 24H:

- **De noche**
  Rúa de Fernando III o Santo, 13
  ***34 981 592 954**
  Sitio web

Ultramarinos:

- **Cepeda**
  Praza de Cervantes, 9
  sancepeda30@gmx.es
  981 58 10 17

- **A tenda da Caldeirería**
  Caldeirería, 7
  atendadacaldeireria@gmail.com
  881 03 11 11

Supermercados:

- Froiz
  Praza do Toural, 2
  atencioncliente@froiz.es
  +34 981 58 70 11

- Familia
  Galeras, 26
  981 58 51 40

- Gadis
  Doutor Teixeiro, 18
  atencioncliente@gadisa.es
  981 56 27 70

Panaderías:

- Panadería Mimos
  Rúa Nova, 52
  mimospanaderia@gmail.com
  981 56 14 70

- Panadería A Tafona
  Preguntoiro, 20
  981 58 35 14

Hospitais e clínicas. Urxencias:

- Hospital Clínico
  Rúa da Choupana
  981 95 00 00

- Clínica La Rosaleda
  Santiago León de Caracas, 1
  981 55 12 00

Correos
Rúa do Franco, 4
+34 981 58 12 52

Paradas de taxi:

- Avenida de Figueroa
  (Porta Faxeira)

- Travesía das Dúas Portas

- Praza de Galicia

Farmacias:

- Gómez Ulla
  Porta Faxeira, 1
  info@farmaciagomezulla.com
  981 58 68 35

- Bescansa
  Praza do Toural, 11
  981 58 59 40

- Valdés Cabo
  Cantón do Toural, 1
  jorge@farmaciavaldes.es
  981 58 58 95

- J. Martínez
  Caldeirería, 2
  981 58 41 03

Autobuses ao aeroporto:

- Rúa do Hórreo, 23
  +34 901 120 054

Policía Nacional
Praza Rodrigo de Padrón
981 55 11 00

infernino

Apartments

Avenida de Raxoi, 4 (Plaza do Obradoiro)

15705 Santiago de Compostela

A Coruña

Spain

+34 636 573 640

info@infernino.com

www.infernino.com

oinfernino

infierniño

www.infernino.com

CONCELLO DE SANTIAGO

Panorámica Gestión S.L. foi beneficiaria da axuda para a mellora e innovación da restauración e hospedaxe compostelá do plan de reactivación do sector turístico COVID19 cofinanciado polo Concello de Santiago.